

# LETRAS GALEGAS

## 2022

### 17 DE MAIO



## FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é más que toda a Terra.

Galicia só limita coa Saudade,  
elástica fronteira  
que serve para o tempo e para o espazo  
—onde un galego está, atópase ela—  
mais que ninguén atravesala pode  
inda que leve nos papeis: poeta.

*Galicia infinda* (1963)



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21·22



Bela estrada de ensoños  
con macádam de estrelas,  
a Vía Láctea é camiño  
que leva a Compostela,  
hoxe e outrora faro,  
á cidade ecuménica  
que alumeou, na Europa,  
tebras da Idade Media.

Polo mundo espallados  
van os netos dos celtas.  
Dende a austral Buenos Aires  
á parroquia labrega;  
do New York buligante  
ás indianas ribeiras;  
da pelica do touro  
ata a China de lenda...

Agros, mares e montes, vilas,  
cidades, cities, towns, aldeas,  
os recantos do Mundo...  
Todo é terra galega!  
Galicia é infinda!

*Galicia infinda* (1963)



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE